



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do tribunal de selección designado para xulgar a cobertura do posto de director/a da Área de Servizos na Axencia Galega de Innovación, pola que se fai pública a valoración provisional do Plan de Actuación e global da primeira fase do proceso de selección.

En sesión que tivo lugar o 24 de febreiro do 2021, o tribunal nomeado por Resolución do 14 de febreiro de 2021, para avaliar o proceso para a cobertura do posto de director/a da Área de Servizos.

ACORDOU:

Primeiro. Facer pública, como anexo a esta resolución, a valoración provisional do apartado do plan de actuación, de acordo co artigo 7.1.2.

Segundo. Tal como figura no artigo 7.1 das bases, os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, para presentaren as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento xenérico PR004A) <https://sede.xunta.gal>; no Rexistro da Axencia Galega de Innovación (Airas Nunes, s/n, 15702 Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá remitirse unha copia escaneada da reclamación rexistrada ao seguinte enderezo de correo electrónico: persoal.gain@xunta.gal, e antes da finalización do prazo de presentación das reclamacións.

Terceiro. Convocar á segunda fase do proceso, defensa do plan de actuación da Área de Servizos, para o día 26 de febreiro de 2021 por videoconferencia ás 12:00 hrs.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que consta na marxe

O secretario do Tribunal

Benito Fernández Rodríguez





ANEXO

Puntuacións provisionais do Plan de Actuación e globais da Primeira Fase proceso selectivo para a cobertura do posto de persoal directivo da Axencia Galega de Innovación

CÓDIGO: EI.A11.00.003.15770.001

DENOMINACIÓN: Director/a da Área de Servizos

ANO DA CONVOCATORIA: 2021

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro (Núm.12)

DATA DE PUBLICACIÓN DO LISTADO: 24 de febreiro de 2021

APELIDOS, NOME	NIF	PLAN DE ACTUACIÓN	PRIMEIRA FASE
Fernández Liz, Patricia	***3886**	24	67

